

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE, A AXENCIA GALEGA PARA A XESTIÓN DO COÑECEMENTO EN SAÚDE E O CONCELLO DE FERROL (SERVIZOS DE BENESTAR SOCIAL) PARA A FORMACIÓN DE ESPECIALISTAS DE ENFERMARÍA FAMILIAR E COMUNITARIA PERTENCENTES Á UNIDADE DOCENTE MULTIPROFESIONAL DE ATENCIÓN FAMILIAR E COMUNITARIA DA XERENCIA DE XESTIÓN INTEGRADA DE FERROL

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O xerente do Servizo Galego de Saúde, **DECLARA:**

Que o Servizo Galego de Saúde e a Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde e o Concello de Ferrol formalizaron o 01.04.2019 convenio arriba referido, por un período de vixencia de catro anos desde o día seguinte ao da súa sinatura, podendo prorrogarse por un período de ata catro anos adicionais salvo denuncia expresa dalgunha das partes.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer e regular a colaboración entre o Servizo Galego de Saúde, a Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde e o Concello de Ferrol a través das unidades, centros ou dispositivos socio-sanitarios do Servizo de Benestar Social para un axeitado desenvolvemento do itinerario formativo no que o/a especialista en formación, adquira as competencias avanzadas ademais das súas competencias específicas como especialista en Enfermaría Familiar e Comunitaria, no ámbito familiar e comunitario, singularmente as recollidas no Anexo I deste convenio, todo isto dentro do marco dos principios de interdisciplinarietà e multidisciplinarietà dos equipos profesionais na atención sanitaria.

A fin de cumprir o devandito obxectivo, os especialistas e as especialistas en formación participarán no coidado da saúde das persoas, familias e comunidades, dunha forma continua e nos distintos aspectos da promoción da saúde, prevención da enfermidade, recuperación e rehabilitación no seu entorno e contexto sociocultural.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar fundaméntase, entre outros, no seguinte:

1. No interese das partes en colaborar na formación de especialistas de Enfermaría Familiar e Comunitaria da Unidade Docente Multiprofesional de Atención Familiar e Comunitaria da Xerencia de Xestión Integrada de Ferrol.
2. O desenvolvemento científico e tecnolóxico acompañado dunha mellor formación e capacidade resolutiva dos profesionais sanitarios derivan nunha mellora na calidade e oferta dos servizos de Atención Primaria de Saúde, o que supón o incremento na demanda dos seus servizos, e é neste punto onde a especialidade de Enfermaría Familiar e Comunitaria responde ás demandas de saúde motivadas polos cambios sociais dos últimos anos.

3. Os Servizos de Benestar Social do Concello constitúen un medio idóneo no que levar a cabo as rotacións dos especialistas e das especialistas de enfermaría familiar e comunitaria en formación, coa finalidade de que adquiran as competencias nas áreas anteriormente descritas.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago,

O xerente do Servizo Galego de Saúde

Antonio Fernández-Campa García-Bernardo

